# BASES E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADAS AO ALUMNADO DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2026/2027

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía de Galicia lexitima a actuación da Comunidade Autónoma no ámbito da protección da familia, da infancia e da adolescencia, ao abeiro das competencias en materia de asistencia social e promoción do desenvolvemento comunitario previstas no artigo 27.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, recoñecen aos municipios a competencia para promover actividades e prestar servizos públicos dirixidos á atención das necesidades da veciñanza, correspondéndolles, entre outras funcións, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección integral das familias e establece un tratamento preferente para aquelas consideradas de especial protección, especialmente nos ámbitos educativo, social e económico. Así mesmo, atribúe aos municipios competencias para o desenvolvemento de programas e actuacións de apoio ás familias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recoñece a educación infantil como unha etapa educativa con identidade propia e garante o principio de equidade e igualdade de oportunidades no acceso á educación, así como a existencia de bolsas e axudas ao estudo para facer efectivo o dereito á educación en condicións de igualdade.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe ás entidades locais a creación e xestión dos servizos sociais comunitarios básicos e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade e reforzar os procesos de integración familiar e inclusión social.

Por todo o anterior, e co obxectivo de favorecer a igualdade de oportunidades, apoiar ás familias con menores a cargo e contribuír á cobertura dos gastos derivados da escolarización no segundo ciclo de educación infantil, apróbase a presente convocatoria de bolsas para a adquisición de libros de texto e material escolar correspondente ao curso 2026/2027.

A presente convocatoria réxese polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; polas bases de execución do orzamento municipal e pola demais normativa de aplicación.

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145 |
|---|---|---|
| | AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

# BASES

## 1.- OBXECTO E FINALIDADE

A presente convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas económicas destinadas á adquisición de libros de texto e material escolar complementario para o alumnado empadroado e escolarizado no segundo ciclo de educación infantil (3, 4 e 5 anos) nos centros educativos do Concello, durante o curso 2026/2027.

A finalidade destas axudas é garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación, promovendo a equidade no sistema educativo e apoiando ás unidades familiares con maiores dificultades socioeconómicas no esforzo económico que supón o inicio do curso escolar.

Así mesmo, preténdese contribuír á compensación das desigualdades sociais, facilitando o acceso aos recursos educativos básicos e favorecendo a inclusión social e educativa do alumnado.

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación

## 2.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda, ingreso ou recurso destinado á mesma finalidade, procedente de administracións públicas ou de entidades privadas.

Non se concederán axudas para ensinanzas, materiais ou conceptos que xa conten con financiamento público, nin para aqueles supostos nos que o ensino teña carácter gratuíto.

## 3.- DOTACIÓN ORZAMENTARIA

A dotación orzamentaria para a concesión destas axudas está recollida na partida **2026-231/48900** do Orzamento Municipal para o ano 2026, cun importe total de **8.000,00 €**, que se destinarán á cobertura das axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar.

A concesión das axudas quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

## 4.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

### *4.2Persoas solicitantes*

Poderán solicitar estas axudas as nais, pais, titores/as legais ou persoas encargadas temporal ou definitivamente da garda e custodia do alumnado beneficiario.

### *4.2 Requisitos para adquirir a condición de persoa beneficiaria*

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

Terá a condición de beneficiario o alumnado que cumpra os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

a) **Estar matriculado no segundo ciclo de educación infantil (3, 4 e 5 anos**) en calquera dos centros educativos do Concello do Barco de Valdeorras durante o **curso 2026/2027.**

b) Que **a persoa solicitante e o alumnado beneficiario estean empadroados** e teñan residencia efectiva no Concello do Barco de Valdeorras no momento de presentación da solicitude e durante todo o procedemento.

c) Que **a renda computable da unidade familiar sexa inferior a 21.000 € anuais**. No caso de superar este importe, a renda per cápita (RPC) non deberá superar os **4.630 €** anuais por membro da unidade familiar.

d) O **solicitante deberá declarar que non se perciben nin se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade, c**o obxecto de evitar duplicidades.

e) **Cumprir todos os requisitos desde a data de presentación da solicitude** ata a finalización do procedemento.

Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Excepción**

Ás persoas beneficiarias destas axudas non lles serán de aplicación as prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin o requisito previsto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, modificado pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas. En consecuencia, exceptúase a obriga de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para adquirir a condición de persoa beneficiaria.

Esta excepción baséase na natureza asistencial destas axudas, destinadas a garantir o acceso efectivo a un dereito constitucional de carácter obrigatorio e gratuíto como é o dereito á educación. Dado que os destinatarios finais son menores escolarizados no segundo ciclo de educación infantil, considérase axeitada a aplicación desta excepción conforme á normativa vixente.

## 5.- CONSIDERACIÓN DE UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos desta convocatoria, entenderase por unidade familiar o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio na data de presentación da solicitude, de acordo cos seguintes criterios:

a) O pai e a nai, o/a titor/a ou titores legais, ou as persoas que exerzan a garda e custodia do alumnado.

b) Os irmáns e irmás solteiros/as menores de 25 anos, así como os maiores de idade cando presenten unha discapacidade recoñecida.

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

c) Os ascendentes da persoa solicitante (avós ou avoas do alumnado beneficiario) que convivan no mesmo domicilio.

**Situacións específicas**

a. *Proxenitores non conviventes sen resolución de garda e custodia*: cando un dos proxenitores non figure no volante de convivencia do menor e non exista sentenza xudicial, convenio regulador ou documento oficial que acredite a garda e custodia exclusiva, terase en conta a situación económica de ambos proxenitores.

b. *Separación, divorcio ou cesamento da convivencia*: integrará a unidade familiar o proxenitor que teña atribuída a garda e custodia e que conviva co/a menor. No caso de existir nova parella convivente, esta será considerada membro da unidade familiar, sempre que exista convivencia efectiva no domicilio.

c. *Custodia compartida*: consideraranse dúas unidades familiares diferenciadas. Para efectos de valoración económica, terase en conta a situación económica de ambos proxenitores, sen incluír as novas parellas que puidesen existir.

d. *Acollemento familiar*: no caso de acollemento administrativo ou xudicial, a unidade familiar estará composta pola familia acolledora.

e. *Situación de violencia de xénero*: nos casos de violencia de xénero, o agresor non terá a consideración de membro da unidade familiar conforme á normativa vixente.

## 6.- CRITERIOS DE VALORACIÓN ECONÓMICA

A valoración económica realizarase en función **da renta computable da unidade familiar,** que deberán ser **inferiores a 21.000 € anuais** ou, no caso de superarse este limiar, a renda per cápita **(RPC) non deberá exceder os 4.630 € anuais** por membro da unidade familiar, conforme ao establecido na base 4.2.c

### 6.1 Determinación da renda computable

A renda computable da unidade familiar obterase mediante a agregación dos ingresos de todos os membros computables definidos na base 5, aplicando, de ser o caso, os descontos correspondentes en función das circunstancias sociofamiliares acreditadas.

**RENDA COMPUTABLE = INGRESOS – DESCONTOS**

### 6.2 Consideración de ingresos

A renda familiar obterase pola agregación das rendas de todos os membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa do IRPF.

Con carácter xeral, a determinación dos ingresos realizarase a partir da declaración do **IRPF correspondente ao exercicio 2024** ou, no seu defecto, do **certificado de imputacións da Axencia Tributaria**

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58

EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145
Fecha: 29/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

**a. Suposto de presentación da declaración do IRPF**: No caso de ter presentada a declaración da renda, computaranse: A base impoñible xeral ***(recadro 435),*** mais a base impoñible do aforro ***(recadro 460),*** ou os recadros equivalentes**.**

Se a declaración é individual, sumaranse os importes de todos os membros computables. Se é conxunta, tomarase o importe resultante.

***b. Suposto de non presentación da declaración do IRPF*****:** No suposto de que algún membro da unidade familiar non presentase a declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2024 por non estar obrigado a iso, deberá achegar certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- No caso de que no devandito certificado *consten ingresos imputables* a rendas ou rendementos do IRPF, computarase: **Rendementos + ganancias patrimoniais – gastos deducibles.**
- No caso de que no devandito certificado *conste a inexistencia de rendas ou rendementos imputables ao IRPF,* ben por non percibir ingresos ou por tratarse de rendas exentas ou non suxeitas ao imposto, a persoa correspondente deberá acreditar a súa situación económica mediante **declaración responsable dos ingresos percibidos durante o exercicio 2024,** (ANEXO II), **acompañada**, segundo proceda, da seguinte documentación: *Nóminas ou certificados de salarios, Certificados de prestacións ou pensións públicas (Seguridade Social, SEPE, RISGA ou análogas), Certificado de pensións, Informe de vida laboral ou calquera outro documento acreditativo dos ingresos ou da ausencia destes.*

***Outros ingresos específicos:*** Tamén se terán en conta *as pensións alimenticias establecidas en convenio regulador.* No caso de impago, deberá acreditarse mediante documentación xustificativa.

**Non se computarán os seguintes ingresos:**

- Prestación familiar por fillo/a menor a cargo da Seguridade Social cun grao de discapacidade superior ao 33 %.
- Complemento de axuda á infancia do Ingreso Mínimo Vital.
- Prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Axuda económica para vítimas de violencia de xénero regulada no Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro.

### 6.3 Ponderación dos ingresos

Para o cálculo da renda computable da unidade familiar teranse en conta os ingresos de todos os membros computables, nos seguintes termos:

1. **Computaranse ao 100 %** os ingresos do pai, nai, titor/a legal, cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade, así como os do propio alumno/a, no caso de que dispoña de ingresos propios.

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

2. **Computaranse ao 50 %** os ingresos dos irmáns/irmás solteiros/as menores de 25 anos, así como os maiores de idade con discapacidade, e os ascendentes que convivan no domicilio familiar.

### 6.4 Descontos por circunstancias sociofamiliares

Practicaranse descontos porcentuais sobre os ingresos da unidade familiar, por estar incurso nunha situación socio-familiar, debidamente acreditado no momento da solicitude.

<table>
<tr><th colspan="2">Concepto do Desconto</th><th>Desconto</th></tr>
<tr><td colspan="2">1. Vivir nun piso de aluguer ou pagar hipoteca</td><td>10%</td></tr>
<tr><td colspan="2">2.Atoparse en situación de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros computables</td><td>20%</td></tr>
<tr><td colspan="2">3.Familia monoparental</td><td>20%</td></tr>
<tr><td colspan="2">4. Pertencer a familia numerosa</td><td>20%</td></tr>
<tr><td colspan="2">5.Situación de violencia de xénero</td><td>20%</td></tr>
<tr><td rowspan="4">6.Situación laboral actualizada dos proxenitores con respecto ao desemprego de máis de 6 meses</td><td>6.1 Un proxenitor ou parella en desemprego e con prestación</td><td>10%</td></tr>
<tr><td>6.2 Un proxenitor ou parella en desempregado e sen prestación</td><td>20%</td></tr>
<tr><td>6.3 Ambos os proxenitores ou parella en desemprego e con prestación.</td><td>25%</td></tr>
<tr><td>6.4 Ambos os proxenitores ou parella en desemprego sen prestación e sen outros ingresos.</td><td>40%</td></tr>
</table>

### 6.5. Control e verificación

A ocultación, omisión ou falta de acreditación de ingresos ou recursos económicos poderá dar lugar á denegación da solicitude ou, no seu caso, ao reintegro da axuda concedida.

## 7.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados anexos a estas bases, que estarán dispoñibles:

- Nas dependencias do Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras.
- Na sede electrónica municipal: https://www.sede.concellodobarco.org.

As solicitudes deberán estar debidamente cubertas e asinadas, e deberán ir acompañadas da documentación requirida nestas bases.

- ***Modalidades de presentación***

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58

EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145
Fecha: 29/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

As solicitudes poderán presentarse polos seguintes medios:

a)**Presentación electrónica**: A través do Rexistro electrónico da sede electrónica do Concello do Barco de Valdeorras: https://www.sede.concellodobarco.org**.**

b)**Presentación presencial**: No Rexistro Xeral do Concello do Barco de Valdeorras (edificio Multiusos, Praza do Concello nº 2), en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, en días hábiles.

c)**Outras formas de presentación**:Por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- ***Prazo de presentación***

O prazo para a presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, ata o **30 de xuño de 2026**, incluído.

## 8.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

### 8.1 Documentación obrigatoria

Deberá achegarse a seguinte documentación:

**1-Impreso de solicitude (ANEXO I)**:Debidamente cuberto e asinado polo pai, nai, titor/a ou persoa que exerza a garda e custodia do menor. Presentarase unha única solicitude por unidade familiar, na que se indicarán todos os menores para os que se solicita a axuda.

**2-Documento identificativo**: Copia do DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros computables da unidade familiar maiores de 14 anos. (*As persoas solicitantes que non dispoñan de NIE e se identifiquen mediante pasaporte deberán solicitar a asignación dun Número de Identidade de Estranxeiro (NIE), de conformidade coa normativa vixente, para os efectos da tramitación da presente convocatoria.)*

**3-Volante de empadroamento colectivo no que conste o menor beneficiario.**

**4-Libro de familia ou documento equivalente**: no que consten o/a menor e os demais membros da unidade familiar. No caso de non dispoñer de libro de familia, deberán achegarse certificados de nacemento ou documentación oficial equivalente.

**5-Certificado do centro educativo** no que conste que o menor esta matriculado para o curso 2026/2027 indicando o curso correspondente.

**6-Documentación económica**: **Declaración do IRPF** ou, no seu defecto, **certificado de imputacións** da Axencia Estatal de Administración Tributaria **(AEAT)** de todos os membros computables. **(exercicio 2024**)

**7-No caso de que no certificado de imputación da Axencia Tributaria 2024 non consten datos de ingresos,** ben por inexistencia de rendas ou por tratarse de rendas exentas ou non suxeitas ao IRPF, deberán achegarse declaración responsable de ingresos percibidos durante o exercicio 2024(ANEXOII), ACOMPAÑADA, según proceda, da seguinte documentación: *Nóminas o certificados de salarios*, *Certificados*

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

*de prestacións ou pensións públicas (Seguridad Social, SEPE, RISGA o análogas), Certificado de pensións, Informe de vida laboral o calquera outro documento acreditativo de los ingresos o de la ausencia de estes.*

A Administración poderá requirir documentación complementaria para a correcta valoración da situación económica.

**8- No caso de separación ou divorcio**: Sentenza de separación ou divorcio e ou , convenio regulador; Xustificante do pagamento ou impago das pensións alimenticias ou compensatorias.

**9-No caso de custodia compartida**: documentación acreditativa e declaracións de ingresos de ambos proxenitores. No caso de persoas procedentes de países sen convenio: documentación acreditativa da situación de custodia e residencia.

**10- No caso de que o/a menor estea empadroado só cun dos proxenitores e non exista sentenza de separación, divorcio ou convenio regulador**: Declaración do IRPF do exercicio 2024 ou, no seu defecto, certificado de imputacións da Axencia Tributaria do outro proxenitor

**11-No caso de acollemento familiar** (se procede):Resolución administrativa ou xudicial de acollemento e, de ser o caso, xustificante da compensación económica percibida.

**ANEXO II:** Deberá presentarse cando non sexa posible achegar algún dos documentos requiridos por causa xustificada ou impedimento legal ou administrativo, indicando os motivos, ou para declarar as rendas percibidas se fora o caso (punto 6.2.b.)

O Concello poderá requirir, en calquera momento do procedemento, a achega de documentación adicional ou dos documentos orixinais para a súa comprobación ou compulsa, así como solicitar informe dos Servizos Sociais cando resulte preciso para a correcta valoración da situación persoal, familiar e económica.

### 8.2 <u>Documentación opcional para a aplicación de descontos sociofamiliares</u>

Esta documentación deberá presentarse unicamente no caso de que se desexe a aplicación dos descontos previstos no punto 6.4. No suposto de non xustificarse adecuadamente, non se aplicará o desconto correspondente.

a- **Alugueiro**: contrato de alugueiro e último recibo de pagamento.

**b- Hipoteca:** certificado bancario no que conste a titularidade, identificación da vivenda habitual e último recibo de pagamento.

**c- Discapacidade** ou dependencia: Certificado de discapacidade (≥ 33%) emitido polo órgano competente ou Certificado de dependencia ou Resolución ou certificado da Seguridade Social de incapacidade permanente (total, absoluta ou gran invalidez).

**d- Familia monoparental:** Certificado de defunción do proxenitor. Sentenza de separación, divorcio ou resolución de garda e custodia exclusiva. Libro de familia cun único proxenitor. Certificado de monoparentalidade.

**e- Familia numerosa**: Título de familia numerosa en vigor.

**f- Situación de violencia de xénero**: Orde de protección, sentenza xudicial ou certificado do Centro de Información á Muller (CIM).

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58

EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145
Fecha: 29/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

**g- Desemprego superior a 6 meses:** os seguintes estes 3 documentos: Certificado do SPEG acreditativo do tempo en situación de desemprego, Certificado do SEPE no que conste a contía e duración da prestación e Informe de vida laboral actualizado

## 9.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

### 9.1 Emenda de solicitudes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Departamento de Servizos Sociais actuará como órgano instrutor, sendo o encargado da comprobación dos requisitos e da documentación presentada.

No caso de que a **documentación obrigatoria** estea incompleta ou presente defectos, requirirase á persoa interesada para que proceda á súa emenda no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación. De non facelo, terase por desistida da súa solicitude, logo de resolución ditada conforme ao artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para calquera aclaración, poderase contactar co Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras. (Praza do Concello nº 1, 988 320 202 - ext. 2168).

### 9.2 Valoración das solicitudes

O órgano instrutor procederá á valoración das solicitudes e emitirá informe-proposta de resolución conforme aos seguintes criterios:

- A ordenación realizarase de menor a maior renda computable da unidade familiar, de acordo co establecido na base 6.

-As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases serán admitidas e ordenadas segundo os criterios de valoración económica previstos.

-As solicitudes que non reúnan os requisitos esixidos serán desestimadas, con indicación expresa da causa correspondente.

A proposta de resolución deberá conter os seguintes extremos:

a) Relación das persoas solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, con indicación da contía proposta en cada caso.

b) Relación ordenada das solicitudes admitidas, con especificación dos criterios aplicados para a súa valoración.

c) Relación das solicitudes desestimadas ou denegadas, con indicación expresa das causas que motivan a súa exclusión

### 9.3 Comisión Técnica de Valoración

Unha vez revisados e completados os expedientes, constituirase unha Comisión Técnica de Valoración como órgano colexiado encargado de examinar o informe-proposta emitido polo órgano instrutor e concretar o resultado da avaliación

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58

EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145
Fecha: 29/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

efectuada, determinando a orde de prelación das solicitudes e a contía da axuda que corresponda en cada caso.

A Comisión estará integrada por:

- Presidencia: a persoa titular da Alcaldía ou membro da corporación en quen delegue.
- Dous vogais: persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.
- Secretaría: unha persoa funcionaria do Concello, con voz e sen voto.

Corresponderalle tamén á Comisión Técnica de Valoración a interpretación das presentes bases reguladoras cando xurdan incidencias ou dúbidas na súa aplicación.

Á vista do resultado da avaliación efectuada pola Comisión, o órgano instrutor emitirá o correspondente informe-proposta definitivo e elevarao, logo da fiscalización de Intervención, ao órgano competente para ditar a resolución que proceda.

A resolución definitiva será notificada ás persoas interesadas mediante a publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello, de conformidade co disposto no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### 9.4 Contía das axudas

O crédito total destinado a estas axudas será de 8.000 €.

A contía máxima por menor establecerase en función dos ingresos da unidade familiar:

| **Ingresos computables anuais (ou R.P.C. < 4.630 €/ano)** | **Contía máximas por menor** |
|---|---|
| 0 € - 12.000 € | 95 € |
| 12.001 € - 17.000 € | 85 € |
| 17.001 € - 21.000 € ou R.P.C. < 4.630 € | 75 € |

En todo caso:

- A contía máxima por unidade familiar non poderá superar os **300 €**.
- A axuda concedida non poderá exceder o custo real dos libros de texto e material escolar.
- O importe final poderá ser obxecto de minoración proporcional en función do número de solicitudes e da dispoñibilidade orzamentaria.
- En ningún caso a subvención poderá superar o 100 % do custo por menor.

### 9.5 Notificación e publicidade.

A resolución do procedemento será notificada mediante publicación colectiva:

- No **taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais** do Concello do Barco de Valdeorras.

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58

EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145
Fecha: 29/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

- No **taboleiro de edictos dixital da sede electrónica municipal**, accesible a través da seguinte ligazón: https://www.sede.concellodobarco.org.
- E na **Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)**, conforme ao artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións

A resolución indicará:

- A **relación de persoas beneficiarias**, identificadas co seu nome ou co número de identificación (seguindo criterios de protección de datos), co **importe da axuda concedida**,
- A **relación de solicitudes denegadas**, especificando para cada unha delas os **motivos concretos de denegación** (ex.: falta de documentación, superación de limiares de renda, incumprimento de requisitos formais, etc.).

A notificación entenderase realizada para todos os efectos legais o día da súa publicación no taboleiro da sede electrónica municipal. A partir desa data comezarán a contar os prazos para interpoñer os recursos procedentes.

### 9.6 Prazo de resolución e recursos

O prazo de resolución e notificación será de 4 meses desde data límite de presentación de solicitudes.

O vencemento do prazo de resolución sen que se notificou a resolución, lexitima as persoas interesadas a entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdicional contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

## 10.- FORMA, PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

### 10.1 Entrega dos bonos

Unha vez ditada a resolución de concesión das axudas, procederase á entrega dun bono ou vale canxeable, que será único por cada alumno/a beneficiario/a.

A persoa beneficiaria deberá acudir ao Departamento de Servizos Sociais do Concello do Barco de Valdeorras para a recollida do bono no **prazo dun mes** desde a resolución do procedemento. Transcorrido este prazo sen que se proceda á súa recollida, entenderase que existe renuncia tácita á axuda, procedéndose á súa anulación. Así mesmo, os bonos serán anulados no caso de renuncia expresa por parte da persoa beneficiaria.

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58

EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145
Fecha: 29/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

### 10.2 Uso dos bonos e facturación

Unha vez en posesión do bono, a persoa beneficiaria poderá adquirir os libros de texto e material escolar nas librarías colaboradoras previamente autorizadas, polo importe máximo indicado no mesmo, antes do **26 de outubro de 2026**.

Os bonos non poderán ser fraccionados, polo que deberán empregarse na súa totalidade nun único establecemento.

- Se o importe da compra é inferior ao valor do bono, o establecemento deberá reflectir na factura o importe efectivamente gastado, sendo este o importe que aboará o Concello, perdendo a persoa beneficiaria a diferenza.
- Se o importe da compra é superior ao valor do bono, a persoa beneficiaria deberá aboar a diferenza directamente ao establecemento.

As librarías colaboradoras entregarán o material e recollerán o bono, formalizando a cesión do dereito de cobro mediante **o Anexo III**, que deberá estar debidamente asinado pola persoa beneficiaria e polo establecemento.

### 10.3 Procedemento para a selección de librarías colaboradoras

O procedemento para a selección das librarías colaboradoras desenvolverase conforme aos seguintes criterios:

1. O Concello remitirá unha invitación formal a todas as librarías con establecemento aberto no termo municipal, ofrecéndolles a posibilidade de adherirse como entidades colaboradoras.
2. A invitación incluirá as condicións de participación, os compromisos asumidos e o modelo de aceptación.
3. As librarías interesadas deberán presentar a súa aceptación por escrito, mediante rexistro de entrada, no prazo de dez (10) días hábiles desde a recepción da comunicación.
4. Para ser admitidas, deberán estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Finalizado o prazo, o Concello notificará individualmente ás librarías admitidas.
6. No bono indicaranse as librarías colaboradoras adheridas ao programa.

### 10.4 Xustificación da subvención

As librarías colaboradoras deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, antes do **31 de outubro de 2026**, a seguinte documentación:

1. Relación completa dos bonos recibidos.
2. Bonos ou vales canxeados**,** no establecemento colaborador, xunto coa correspondente factura.
3. Anexo III de cesión do dereito de cobro, debidamente cuberto e asinado.
4. Factura individualizada por cada bono, na que conste o detalle do material subministrado, prezo unitario, importe total e número identificativo do bono.

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58

EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145
Fecha: 29/04/2026
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

**11.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como dos xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (artigos 36 e 37, respectivamente), así como nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial da finalidade que fundamenta a concesión da axuda, en particular, o emprego do importe recibido para fins distintos da adquisición de libros de texto e material escolar solicitado polo colexio.

c) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ou dos compromisos asumidos polas persoas beneficiarias, sempre que afecten ao obxecto da subvención.

***Criterios de gradación dos incumprimentos***

- Incumprimento da obriga de xustificación: perda do dereito ao cobramento do 100 % da axuda.
- Incumprimento da obriga de xustificación en prazo: perda do dereito ao cobramento do 20 **%** da axuda.
- Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobranza do 100%.
- Aplicación da axuda a fins distintos dos previstos: porcentaxe a reintegrar ou perda do dereito de cobranza do 100%.

**12.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN**

A publicidade da presente convocatoria realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións na súa redacción dada tras as modificacións introducidas pola Lei 19/2013 do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Unha vez aprobada a convocatoria, remitirase á BDNS o texto íntegro e o seu extracto, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) e no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal: https://www.sede.concellodobarco.org.

As restantes publicacións que se deriven do procedemento realizaranse a través da sede electrónica municipal.Así mesmo, comunicarase á BDNS a información relativa ás persoas beneficiarias, ás concesións, pagamentos e, se é o caso, aos procedementos de reintegro, sanción ou inhabilitación.

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

A difusión das bases realizarase, ademais, a través do taboleiro de anuncios do Departamento de Servizos Sociais e dos centros educativos do municipio, así como doutros medios que se consideren axeitados.

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

**Disposición adicional primeira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

Para os efectos de salvagárdaa do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na normativa sobre protección de datos, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados aos rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiario/seranas remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.
- Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 30.3 do RD 887/06, advírtese que o Concello do Barco de Valdeorras publicará as subvencións concedidas, expresando na mesma o nome ou razón social do beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

Será obrigación do beneficiario facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Disposición adicional segunda.-Protección de datos.**

De conformidade co disposto Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais infórmaselles ás persoas solicitantes, que os seus datos serán tratados de maneira confidencial e incorporáronse aos ficheiros do Concello do Barco de Valdeorras coa finalidade de xestionar as bolsas que se regulan nestas bases. Todos os datos solicitados son necesarios para atender a solicitude das devanditas bolsas e o feito de presentarse á convocatoria presupón a autorización para o acceso a súa obtención, consulta e emisión de documentos.

Así, pois, as persoas solicitantes autorizan á recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal e de convivencia, que se incorporarán aos ficheiros do Concello do

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

Barco de Valdeorras. Así mesmo, autorizan ao Concello do Barco de Valdeorras a incluír nas publicacións previstas nesta convocatoria os documentos de identidade das persoas solicitantes ( NIF/ NIE/pasaporte), e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pago das bolsas ás entidades colaboradoras.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito ante Rexístro Xeneral do Concello do Barco de Valdeorras. A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención, publicidade e cesión dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

**Disposición Adicional Terceira**

Para os supostos non previstos nas presentes bases estarase ao disposto nas bases de execución do orzamento municipal, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**RECURSOS**

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente convocatoria porán fin á vía administrativa e contra as mesmas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fose expresa, artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, artigo 46 da Lei 29/1998, da xurisdición contencioso-administrativa.

O Barco de Valdeorras, na data de sinatura electrónica
O alcalde

Aurentino Alonso Araujo

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

# ANEXO I: SOLICITUDE DE BOLSAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADOS AO ALUMNADO DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CURSO 2026/27

Sr. Alcalde do Concello do Barco de Valdeorras

| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Nai/pai/titor) | | |
|---|---|---|
| Nome e apelidos | | DNI/NIE/pasaporte |
| Enderezo | Código postal | Localidade (Provincia) / |
| Correo electrónico (E-mail) | Teléfonos | |

| **REPRESENTANTE** (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido de dereito) | | |
|---|---|---|
| Nome e apelidos | DNI/NIE/pasaporte | Teléfono contacto1 |

| DATOS DO MENOR OU MENORES BENEFICIARIOS/AS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nome e apelidos | Data de nacemento | Centro escolar e curso (marcar)/ 4º,5º,6º de educación infantil (ver certificado escolar) | | | |
| | | CEIP Condesa de Fenosa | CEIP Julio Gurriarán | CEIP Otero Pedrayo | CPR Divina Pastora |
| | | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ |
| | | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ |
| | | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ | 4☐ 5☐ 6☐ |

## DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

(Pai, nai, irmáns/irmás, avós/avoas e parella convivente, conforme ás bases reguladoras)

| Parentesco | Nome e apelidos | DNI/nie/pas | Data nacemento | **Tipo de ingreso:** |
|---|---|---|---|---|
| Solicitante | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

| **OUTRAS AXUDAS e/ou SUVENCIÓNS** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Organismo /Entidad | Data concesión/ | | Organismo /Entidad | Data concesión |
| | | | | |
| | | | | |

| **DECLARACIÓN XURADA**: **A PERSOA SOLICITANTE**, no seu caso a través do REPRESENTANTE, **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:** |
|---|
| 1º Que coñece e acepta as bases da convocatoria e que cumpre os requisitos establecidos nas mesmas. |
| 2ºQue son certos todos os datos consignados na presente solicitude |
| 3º Que declara a totalidade dos ingresos da unidade familiar, incluídos aqueles exentos ou non suxeitos ao IRPF. |
| 4ºQue se compromete a achegar cantos datos e documentos sexan requiridos polo órgano competente, no caso de resultar beneficiaria da axuda, para a súa correcta tramitación e xustificación |
| 5ª Que cedo os meus dereitos de cobro, no caso de resultar beneficiaria/o da subvención, a favor da libraría colaboradora elixida do Concello do Barco. |

O Barco de Valdeorras a _______de _________________ de 2026

**Asinado a persoa solicitante ou representante**

O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS, con dirección en PRAZA DO CONCELLO Nº 2, 32300 - O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE); soporte@concellodobarco.org.

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en soporte@concellodobarco.org.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán empregados para prestarlle o mellor servizo no marco das funcións que sexan competencia dos Servizos Sociais do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS, en particular, consultas de natureza persoal (información xurídica, problemáticas sociais de distinta índole, educación familiar, atención psicolóxica, asistencia a necesidades sociais específicas, asistencia ó centro de información á muller (CIM)…). Para a correcta prestación do servizo, poder ser necesario solicitarlle datos sobre o seu estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir sendo moi importante que nos informe correctamente sobre os mesmos.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e, no suposte de solicitar a supresión dos mesmos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.-destinatarios de cesións: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, proveedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG´s…) colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Xunta de Galicia con competencias na materia coa finalidade de cumprir coas obrigas de elaboración dos informes mensuais de consultas e da "memoria e funcionamento anual" e para facilitar, con carácter xeral a comprobación do axeitado funcionamento do centro de Servizos Sociais, dentro dos parámetros da normativa que os regula.
- Concellos distintos do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa intervención social.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xuridiccionáis, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

No caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5.- dereitos: CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en soporte@concellodobarco.org, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid
- Teléfono: 901 100 099 – 91 266 35 17

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

| **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A PRESENTAR xunto con esta solicitude.** |
|---|
| ☐ **Copia do DNI, NIE ou pasaporte** de todos os membros computables da unidade **familiar maiores de 14 anos.** |
| ☐ **Volante de empadroamento colectivo** no que conste o/a menor. |
| ☐ **Certificado do centro educativo** no que conste que o menor esta matriculado para o **curso 2026/2027** indicando o curso correspondente |
| ☐ **Libro de familia completo ou documento equivalente** (certificado de nacemento ou documentación oficial na que consten os membros da unidade familiar). |
| ☐ **Declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2024** ou, no seu defecto, **certificado de imputacións da Axencia Tributaria de todos os membros computables maiores de idade.2024** |
| ☐ **No caso de que no certificado da Axencia Tributaria non consten datos de ingresos**, ben por inexistencia de rendas ou por tratarse de rendas exentas ou non suxeitas ao IRPF, deberá achegarse, declaración responsable dos ingresos percibidos durante o exercicio 2024 (ANEXOII) ACOMPAMADA, segundo corresponda da seguinte documentación : ,*Nóminas ou certificados de salarios, Certificados de prestacións ou prestación públicas (Seguridade Social, SEPE, RISGA ou análogas), Certificado de pensións, Informe de vida laboral, ou calquer outro documento acreditativo dos ingresos ou da ausencia de estes.* |
| ☐ **No caso de separación, divorcio ou cesamento da convivencia**:Sentenza xudicial de separación ou divorcio e ou convenio regulador. No seu caso, documentación acreditativa de procedementos xudiciais en trámite. |
| ☐ No caso de **custodia compartida**: sentencia xudicial ou convenio regulador. Declaración do IRPF do exercicio 2024 ou, no seu defecto, certificado de imputacións da Axencia Tributaria de ambos proxenitores. |
| ☐ **No caso de que o/a menor estea empadroado só cun dos proxenitores e non exista sentenza de separación, divorcio ou convenio regulador**: Declaración do IRPF do exercicio 2024 ou, no seu defecto, certificado de imputacións da Axencia Tributaria do outro proxenitor |
| ☐ **No caso de acollemento familiar:** Resolución administrativa ou xudicial acreditativa. |
| ***DOCUMENTACIÓN VOLUNTARIA PARA A APLICACIÓN DE DESCONTOS SOCIOFAMILIARES (Achegar unicamente no caso de desexar a aplicación dos descontos e sempre que estean debidamente acreditados*** |
| ☐ **Alugueiro:** contrato de alugueiro e último recibo de pagamento |
| ☐ **Hipoteca:** certificado bancario no que conste a titularidade, identificación da vivenda habitual e último recibo de pagamento. |
| ☐**Discapacidade ou dependencia**: Certificado de discapacidade (≥ 33%) emitido polo órgano competente ou Certificado de dependencia ou Resolución ou certificado da Seguridade Social de incapacidade permanente (total, absoluta ou gran invalidez). |
| ☐**Familia monoparental**: Certificado de defunción do proxenitor. Sentenza de separación, divorcio ou resolución de garda e custodia exclusiva Libro de familia cun único proxenitor. Certificado de monoparentalidade. |
| ☐**Familia numerosa**: Título de familia numerosa en vigor. |
| ☐**Situación de violencia de xénero**: Orde de protección, sentenza xudicial ou certificado do Centro de Información á Muller (CIM) |
| ☐ **Desemprego superior a 6 meses**: todos estes 3 documentos<br>– ☐ Certificado do SPEG acreditativo do tempo en situación de desemprego.<br>– ☐ Certificado do SEPE no que conste a contía e duración da prestación.<br>– ☐ Informe de vida laboral actualizado. |

| | |
|---|---|
| **ANEXO II :declaración responsable** | Cubrilo e presentalo no caso de que algúns dos documentos requiridos non poden presentarse por impedimento legal (exemplo non posuír DNI/NIE) ou administrativo., ou outra circunstancia ou declaración de ingresos se fora o caso. |

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

**ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CIRCUNSTANCIAS SOCIOECONOMICAS** *(Este anexo deberá cubrirse e presentarse xunto coa solicitude nos seguintes casos:1.Cando non sexa posible achegar algún dos documentos requiridos por causa xustificada ou impedimento legal ou administrativo (por exemplo, non dispoñer de DNI/NIE).2.Cando se desexe declarar circunstancias sociofamiliares ou económicas que non poidan ou non acreditarse documentalmente.)*

| **A PERSOA SOLICITANTE (Pai/nai/titor)/(*Padre/madre/tutor*)** | |
|---|---|
| Nome e apelidos / Nombre y apellidos | DNI/NIE/pasaporte |

## A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

En O Barco de Valdeorras, ___ de __________ de 2026

**Firma:** _________________________

O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS, con dirección en PRAZA DO CONCELLO Nº 2, 32300 - O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE); soporte@concellodobarco.org.

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS é Servicios de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en soporte@concellodobarco.org.

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán empregados para prestarlle o mellor servizo no marco das funcións que sexan competencia dos Servizos Sociais do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS, en particular, consultas de natureza persoal (información xurídica, problemáticas sociais de distinta índole, educación familiar, atención psicolóxica, asistencia a necesidades sociais específicas, asistencia ó centro de información á muller (CIM)…). Para a correcta prestación do servizo, poder ser necesario solicitarlle datos sobre o seu estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir sendo moi importante que nos informe correctamente sobre os mesmos.

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo e, no suposte de solicitar a supresión dos mesmos, serán conservados ata que se vexa cumprido o prazo de prescripción de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

4.-destinatarios de cesións: Os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cós fins lexítimos dos Servizos Sociais do Concello e, en particular, poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Empresas, proveedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONG´s…) colaboradoras dos Servizos Sociais do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
- Xunta de Galicia con competencias na materia coa finalidade de cumprir coas obrigas de elaboración dos informes mensuais de consultas e da "memoria e funcionamento anual" e para facilitar, con carácter xeral a comprobación do axeitado funcionamento do centro de Servizos Sociais, dentro dos parámetros da normativa que os regula.
- Concellos distintos do CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS, Administración Pública Autonómica, Sergas ou calquera organismo público directamente relacionado coa intervención social.
- Forzas e corpos de seguridade do Estado, policía local, servizos de emerxencia, servizos sociais, servizos de saúde e benestar coa finalidade de prestar unha atención integral ós usuarios.
- Órganos xuridiccionáis, en orde a manter unha cooperación e coordinación axeitada coa Administración de Xustiza

No caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

5.- dereitos: CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en soporte@concellodobarco.org, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de datos, a través das seguintes vías:

- Sede electrónica: www.aepd.es
- Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001 – Madrid

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

# ANEXO III: CESIÓN DO DEREITO DE COBRO A FAVOR DA LIBRARÍA COLABORADORA

## DATOS DA PERSOA BENEFICIARIA

D./Dª ____________________________________,con DNI/NIE____________________, titular do bono nº ____________,beneficiaria/o da axuda para a adquisición de libros de texto e material escolar para o segundo ciclo de educación infantil, curso **2026/2027**, concedida polo Concello do Barco de Valdeorras, por importe de __________ €,

**DECLARA**
Que **cede o dereito de cobro** da citada axuda a favor da seguinte libraría colaboradora:
**LIBRARÍA:** ____________________________________________
**NIF:** ________________________
En O Barco de Valdeorras, ___ de __________ de 2026
**Sinatura da persoa beneficiaria**

## ACEPTACIÓN DA LIBRARÍA

A libraría indicada, mediante a súa persoa representante, **acepta a cesión do dereito de cobro** a favor da persoa beneficiaria arriba indicada, polo importe de __________ €
**Nome da libraría:**__________________________________
**NIF:** ________________________
En O Barco de Valdeorras, ___ de __________ de 2026
**Sinatura e selo da libraría**

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145<br>Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS

CSV: 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA000D543200H2B0Z7K9J4V1 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | EXPEDIENTE :: 2026SOC000000145 |
|---|---|---|
| | AURENTINO ALONSO ARAUJO-O alcalde - 30/04/2026<br>CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 30/04/2026 13:30:58 | Fecha: 29/04/2026<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE